Chegada

Montaña

Tolón
Tolón

Saída

O Xogo do Nadal

REGRAS

Xógase cun dado, xogan dous ou máis xogadores con cadansúa ficha (podes utilizar unha castaña, por exemplo). Comeza quen obtén maior puntuación co dado. As fichas avanzan conforme a puntuación da tirada, pero ollo! Dependendo da cela na que se caia, podes avanzar ou pola contra retroceder. Gaña a primeira persoa que chega á **MONTAÑA**, que é a última cela.

Castaña: Se caes nunha destas celas, avanzas até a seguinte cela na que haxa unha castaña e volves tirar mentres dis:

DE CASTAÑA A CASTAÑA, VOUME ACHEGANDO Á MONTAÑA

Camelos: Se caes nesta cela saltas á cela do caramelo e t*iras de novo mentres dis:*

CANDO CAIO NO CAMELO, SALTO ATA O CARAMELO

Turrón: Se caes nesta cela perdes unha quenda e tes que dicir:

CANDO CAIO NO TURRÓN, PERDO QUENDA POR LAMBÓN

Pandeireta: Se caes nesta cela perdes unha quenda e tes que dicir:

CANDO CAIO NA PANDEIRETA, PERDO QUENDA POR LARETA

Estrela: Se caes nesta cela avanza a outra igual e volves tirar dicindo:

ESTRELA ESTRELIÑA, DÁME MOITA SORTIÑA

Carbón: Se caes nesta cela, tes que volver ao inicio e dicir:

CAÍN NO CARBÓN, VAIA DESILUSIÓN!

Entrar á montaña (meta): É necesario sacar os puntos xustos para entrares, en caso de exceso tes que retroceder tantas casas como puntos sobrantes.

CONCELLO DE ROIS
Deputación DA CORUÑA
XUNTA DE GALICIA